

:: Alejandro Suárez Empresario e investidor

## "O fracaso empresarial non existe a non ser que te retires"

Presentou en Santiago o libro 'Ha llegado la hora de montar tu empresa', onde achega consellos prácticos para axudar a fundar unha compañía, unha tarefa que esixe "sacrificio, esforzo, rodearte de talento e ter fortuna"



ANTONIO HERNÁNDEZ

Crear hoxe unha empresa é "un obxectivo máis fácil que hai quince ou vinte anos", asegura Alejandro Suárez

Henrique Neira · Santiago

Logo de crear varias empresas en distintos sectores desde o ano 1998, Alejandro Suárez trasladou recentemente tanto as súas experiencias positivas coma as negativas á hora de emprender iniciativas empresariais ó libro *Ha llegado la hora de montar tu empresa*, publicado pola editorial Deusto, e que presentou onte en Santiago. Unha enquisa realizada a través do portal Ocio Networks para este libro amosa que no caso de Galicia soamente unha de cada cinco persoas que participou no estudo sabería poñer en marcha unha empresa sen necesidade de contar con axuda externa. Con todo, a metade dos galegos e galegas que responderon a enquisa revelaron estar dispostos a fundar unha compañía se se chegasen a ver no futuro sen emprego e case a totalidade (un 94 por cento) asegurou que habería que apoiar máis os emprendedores españois durante os primeiros anos de vida das súas empresas.

**A diferenza doutros libros sobre o tema, nos que o enfo-**

**que é practicamente sempre optimista, neste abórdase directamente a posibilidade de que as cousas non vaian ben á primeira...**

O fracaso empresarial non existe a non ser que te retires e pases de traballar por conta propia a traballar por conta allea. É parte do camiño: ou se triunfa ou se aprende do que

se fixo. En calquera traxectoria empresarial sempre se fala diso. Eu, cando as cousas me foron moi ben, aprendín pouco, pero cando resultaron máis duras, máis complicadas, sacaba conclusións. Se cadra o feito de que o fracaso estea mal visto é un problema dos países mediterráneos, de países como Italia ou como Grecia, que dan moi poucas segundas oportunidades e desincentivan, desaniman, invitan a non correr riscos.

**Neste momento de crise económica, ¿é máis arriscado animarse a crear unha empresa que cando a economía ía ben?**

Neste momento non se corre ningún risco, se fose hai cinco anos cando todo ía de cine no mercado laboral, por exemplo podías dúbida entre manter un traballo de consultoría no que se podían cobrar 3.000 euros ó mes ou pelexar durante un tempo e montar a túa propia empresa mentres outras persoas mantián traballos coma aquel. Agora como non hai esa alternativa dos 3.000 euros ó mes, cando menos é máis difícil atopar traballos coma eses, non se arrisca nada.

### O PERFIL

Alejandro Suárez Sánchez-Ocaña é investidor, emprendedor e empresario do sector das novas tecnoloxías, vicepresidente de Asociación de Inversores y Emprendedores de Internet, director executivo do Grupo Publispain e da Red de Blogs de Ocio Networks e de Lazer Rede de Blogs en Brasil, presidente de Editora Foley e conselleiro e socio fundador de Yes.fm, entre outras empresas. Fundou a súa primeira compañía no 1998 e a súa actividade emprendedora foi inesante.

**¿Fundar hoxe en día unha empresa é máis fácil que hai dúas décadas?**

É un obxectivo máis fácil que hai quince ou vinte anos. Evolucionouse pouco a nivel burocrático, hai case as mesmas trabas, pero en cambio existen hoxe máis posibilidades de financiamento, máis axudas, máis *coaching*, tutela desde as cámaras de comercio... O que quero dicir é que niso estamos mellor que hai quince ou vinte anos e que se nota.

**¿Arrepíntese de ser emprendedor, despois do vivido estes anos, preferiría ter escollido no seu momento un traballo máis fácil?**

Non me arrepinto porque me foi moi ben. Fundar unha empresa esixe sacrificio, esforzo, rodearte de talento e tamén ter fortuna. Entendo que haxa persoas que o viviran e que se desanimaran, pero un emprendedor intenta sempre varias cousas, e con que haxa unha única na que acerte xa compensa.

**E esa experiencia é a que transmite no libro despois de todo estes anos...**

Á hora de escribir o libro, vin que había publicados moitos manuais, pero moi poucos foron escritos por emprendedores, senón que os autores eran profesores universitarios ou de escolas de negocios. Pero moitos destes manuais son pouco aplicables, traen moita teoría, pero falta a parte práctica, testemuñal. Fronte á suposición, amosar a experiencia.

**¿E que comentarios recibiu polo seu libro desde a súa publicación?**

Houbo un efecto inesperado polo editor pero esperado por min. O libro anima a persoas, a profesionais, que poderían crear proxectos empresariais, pero non indiscriminadamente a todo o mundo. É máis, desanima as persoas que non dan o perfil ou que non se encontran no momento axeitado para o emprendemento por razóns persoais ou profesionais. Partín dun punto de vista realista e iso permítelle a potenciais emprendedores descubrir que o seu proxecto non lle ía saír ben. Recibín comentarios nese sentido de xente que me escribiu por correo electrónico, a través de amigos ou de coñecidos, que recoñecía que non se dera conta de que non debía intentar crear unha empresa nun momento dado. ●

### Queixa en Ferrol das mariscadoras polos 557 euros

A Asociación Galega de Mariscadoras e Mariscadores (Agamar) realizou unha concentración ante o edificio da Xunta de Galicia en Ferrol en protesta pola decisión da Consellería do Mar de eliminar o salario de subsistencia de 557 euros mensuais para traballadores que non alcancen os 15 anos cotizados para acceder a unha pensión, e que foi implantado en 2006. O colectivo denunciou "presións" ás agrupacións de mariscadores e ás confrarías para "cuestionar publicamente" o seu traballo. ● E.P.

### Mobilizacións en Navantia para esixir traballo

Delegados sindicais de Navantia Fene-Ferrol e de empresas auxiliares concentráronse onte pola mañá na porta da empresa principal en demanda de carga de traballo e para alertar de que "17.000 empregos están en xogo". O comité de empresa alertou de que a perda de emprego nas industrias auxiliares é un "goteo continuo" e avisou de que aínda que os encargos se prolongarán ata o ano 2014, a falta de actividade xa se comezará a percibir neste ano 2011. ● E.P.

### Pescanova vai emitir bonos por 180 millóns

Pescanova fixou a emisión de bonos convertibles en accións anunciada este martes en 180 millóns de euros, cun prezo de conversión inicial destes de 36,24 euros por cada acción, o que representa unha prima do 30%. Detallou que a recompra proyectada dunha parte da emisión realizada en 2010 para a súa posterior cancelación se fará por un valor de 26,6 millóns e que o importe para pagar por cada bono obxecto de recompra é de 59.921,88 euros. ● EUROPA PRESS

### Medra un 35% a compravenda de vivenda en Galicia

A compravenda de vivendas experimentou un crecemento do 35,5% en febreiro en Galicia, en relación co mesmo mes do ano pasado, e alcanzou as 2.360 operacións, segundo os datos publicados este mércores polo Instituto Nacional de Estadística (INE). En toda España, a compravenda de vivendas aumentou un 10,5% en febreiro, ata un total de 45.607 operacións, das que o 50,2% se realizaron sobre vivendas usadas e o 49,8% sobre inmobles novos. ● EUROPA PRESS